



Datos do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN	
Número expediente:	Documento:
TES/68/2020	TES14I0AO
3M3J4M1W3H2S0H1X0416	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Logo de ver o informe conxunto do Xefe do Servizo de Intervención e Facenda e da Tesoureira municipal (TES14I0AN que transcrito literalmente di: **“INFORME DO XEFE DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN E FACENDA E DA TESOUREIRA MUNICIPAL**

D. Pablo Freijomil Ojea e Dona Marta Roca Naveira, Xefe do Servizo de Intervención e Facenda e Tesoureira municipal, respectivamente, cada un no exercizo das súas funcións, emiten o seguinte informe proposta:

Normativa de aplicación

- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, pola que se declara o estado de alarma para a xestión da crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- Real Decreto Lei 11/2020, 31 de marzo, de medidas complementarias no ámbito social e económico.
- Real Decreto Lei 15/2020, de 21 de abril de medidas urxentes complementarias para apoiar economía e o emprego.
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Demais normativa concordante e de aplicación.

Informe

Primeiro: O pasado mércores 22 de abril foi publicado no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto Ley 15/2020, de 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego.

O citado real decreto céntrase en cinco ámbitos de actuación: medidas para reducir os custos operativos de pymes e autónomos, medidas para reforzar a financiación empresarial, medidas fiscais, medidas para facilitar o axuste da economía e protexer o emprego, e medias de protección aos cidadáns.

Así, exposición de motivos da citada norma establece que: “(....)A su vez, se extiende hasta el 30 de mayo la vigencia temporal de determinadas medidas tributarias contenidas en los Reales Decretos-leyes 8/2020 y 11/2020, que tenían como límite temporal el día 30 de abril de 2020, o, en su caso, el día 20 de mayo de 2020, a fin de garantizar la adaptación de dichas medidas a la evolución de la crisis cuyos efectos pretenden mitigar. Dicha extensión también se aplicará a las Administraciones tributarias de las Comunidades Autónomas y Entidades Locales por la remisión efectuada por el artículo 53 del Real Decreto-ley 11/2020.(....)”.

A Disposición adicional primeira do meritado Real Decreto-lei estende ata o 30 de maio de 2020 varios prazos tributarios que xa se ampliaron ata o 30 de abril ou o 20 de maio nos Reales Decreto-leis 8/2020 e 11/2020. Dita extensión tamén se aplicará ás Administracións tributarias das Comunidades Autónomas e Entidades Locales. Concretamente, exténdense ata o 30 de maio de



2020 as referencias temporais efectuadas aos días 30 de abril e 20 de maio de 2020 no artigo 33 (suspensión de prazos no ámbito tributario) do Real Decreto Lei 8/2020 e nas disposicións adicionais octava (ampliación do prazo para recorrer) e novena (aplicación do RD-lei 8/2020) do Real Decreto Lei 11/2020.

Por todo o anterior, os funcionarios que suscriben, elevan á Alcaldía en virtude das competencias conferidas a dito órgano polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Rexime Local así como os demais concordantes e de xeral aplicación e co fin de conquistar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal, a seguinte **proposta de acordo**:

Primeiro: En aplicación do contido no Real Decreto Lei 15/2020, de 21 de abril, aprobar a seguinte relación de medidas adicionais extraordinarias en relación cos procedementos tramitados polos Servizos de Facenda e Tesourería, como consecuencia da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo:

1º.- Extender ata o 30 de maio de 2020 as referencias temporais efectuadas aos días 30 de abril e 20 de maio de 2020 que se atopan contidas na resolución TES14I07Q de 26.03.2020, coa excepción do apartado 3º do punto primeiro da citada disposición.

2º.- O cargo en conta das ordes de domiciliación dos prazos e fraccións dos aprazamentos e fraccionamentos xa concedidos (e cun vencemento inicial do 20.05.2020) realizarase o 30.05.2020.”

Esta Alcaldía, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, resolve:

1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

2º.- Publicar a presente resolución no BOP para o seu xeral coñecemento así como na web municipal www.naron.es

Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)